



MODIFICACIÓN DA INSTRUCIÓN 1/2014 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DO 5 DE XUÑO, SOBRE O FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN DIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2014-2015

En cumprimento do disposto no Decreto 132/2013 do 1 de agosto e na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o 5 de xuño de 2014 a Secretaría Xeral Técnica desta consellería ditou a Instrución 1/2014 que establece as liñas xerais de organización e funcionamento, para o curso escolar 2014-2015, dos comedores escolares de xestión directa dos centros docentes públicos que impartan os niveis de ensino obrigatorio e de oferta obrigatoria.

Apreciado erro nos apartados 6.1 e 6.2.5 relativos ao procedemento de autodeclaración dos prezos públicos e ao cálculo da renda neta per cápita debido a un cambio nas casillas a efectos do IRPF por parte da AEAT, é necesario modificar os citados apartados así como o anexo II desta instrución correspondente ao modelo de autodeclaración.

De acordo con todo a anterior, RESOLVO:

Primeiro. Modificar o primeiro parágrafo do apartado 6.1 relativo ao procedemento dos prezos públicos pola utilización do comedor que queda como segue:

De conformidade co previsto no artigo 14 do Decreto 132/2013 os centros farán chegar ás familias dos comensais admitidos ao comedor o modelo-impreso de autodeclaración de prezos públicos recollido no Anexo II desta instrución, autodeclaracións que deberán ser entregadas nos centros cubertas en todos os seus extremos hasta o 10/09/2014.

Segundo. Modificar o terceiro parágrafo do punto 2 do apartado 6.2.5. relativo ao cálculo da renda neta per cápita, da Instrución 1/2014 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 5 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2014-2015, que queda redactado como segue:

A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2013:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro,
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

casiña 361 + casiña 363 – casiña 365 + casiña 368 + casiña 371– casiña 511



O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.
O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.


Se solicitado o borrador á AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Terceiro. Modificar no mesmo sentido que no apartado anterior o Anexo II que se achega co este documento.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2014.

O Secretario Xeral Técnico

Jesús Oitaven Bardala





CENTRO EDUCATIVO:

ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS

A) RENDA NETA IRPF 2013:

casíña 361 + casíña 363 – casíña 365 + casíña 368 + casíña 371– casíña 511 = X

B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUIDO/S O/S ALUMNO/S PARA O/S CAL /ES SOLICITA COMEDOR: número de membros = Y

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

C) A RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR = X/Y

D) AUTODECLARACIÓN

- **Marque a casíña seguinte**

Aboamento de 0 € por día de servizo

se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €

- **Marque a casíña seguinte**

Aboamento de 1 € por día de servizo

se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación



Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

• **Marque a casíña seguinte**

Aboamento de 2,50 € por día de servizo	
---	--

se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

• **Marque a casíña seguinte**

Aboamento de 4,50 € por día de servizo	
---	--

se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

.....de.....de 2014

Sinatura do Declarante:

Sinatura do Cónxuxe:

Sinatura dos fillos maiores de idade: